

A amizade en Manuel María

ALFONSO BLANCO TORRADO

Manuel María foi unha persoa de moitos amigos, cultivaba con intensidade as relacións humanas. Pero esta entrega era un sinal do seu xeito de vivir en todos os eidos da súa actividade, celebraba a cotío a vida compartindo esta experiencia cos demais, creando unha complicidade de amplo espectro, non só afectiva, senón transformadora, porque el quería que todo se dirixise ao noso recoñecemento coma membros activos dunha patria, dunha terra que merece toda a nosa enerxía. As amizades do vate chairego medraban no celme da fidelidade á terra, á lingua e no compromiso de achegar o mellor de nós ao pobo común. A asunción do ser de Galiza e a amizade fundíanse e confundíanse nun mesmo latexo.

Tennos suxerido o que entendía por este don cando escribiu dun xeito demorado da súa irmandade con Novoneyra, Carlos Maside, Otero Pedrayo, Díaz Castro, Gabriel Aresti e tantos outros; falaba con fruición sobre os seus amigos: “Otero Pedrayo tiña unha grande distinción persoal e un “algo” especial cheo de engado. Endexamais falaba mal de ninguén, tanta era a súa caridade e tolerancia cos seus semellantes. Sempre desculpaba piadosamente actos ou conductas que non eran cabais. A súa comprensión para as ingratitudes e fraquezas do próximo non tiñan límites... Estaba aberto a todo o mundo, aínda aos máis importunos e prosmas. Éralle case imposible dicir non a ninguén. Era unha verdadeira regalía, un raro e inestimábel don dos deuses, o poder gozar do seu trato e amizade. Cómpre tamén poñer de relevo a súa enorme xenerosidade e desprendemento... Xosé María Díaz Castro é un home

cordial, bo e xeneroso. Un home sen pretensións que vai pola vida cos ollos abertos á beleza e o corazón aberto á paisaxe, aos animais, aos homes”¹

Manuel María era unha personalidade excepcional e para min foi un privilexio da vida telo por amigo. Pero aínda que algúns disfrutásemos de máis comunicación con el, o seu xorne natural era a acollida con agarimo de todo sinal de vida que medrase ao seu arredor, por iso viviu dende neno unha total simbiose coas súas raíces telúricas que a memoria do poeta proxectaría coma unha sensación de firmeza en todos os campos da súa traxectoria.

A TOTAL IDENTIFICACIÓN COA TERRA

Esta adhesión espontánea e marabillada ao seu contorno, principiando pola paisaxe amigábel da Terra Chá, acáelle ben por carácter, por idiosincrasia, pero o poeta alimentou coa súa forza e espírito anovador esta capacidade de sorpresa, de asombro que ía apuntando na súa ollada limpa, pura, coa que sempre nos abriría as ventás da súa paisaxe interior, con ese xeito que escolleu de orientarse e situarse no mundo dende a sinceridade, nunha palabra, a expresión máis viva da Galiza total.

Hai unha unidade entre a vida e a actividade literaria, política, social, cultural... de Manuel María. Non hai fases nin crebas na súa historia, todo é un indicativo desta autenticidade do poeta, a insubornabilidade do seu compromiso e as cotas da súa calidade literaria. Esta fidelidade sería indestrutíbel, por iso rebelábase con toda a súa paixón contra as desfeitas, o desleixamento, a ingratidade de tantas persoas. Non foi un amigo a calquera prezo, tivo desencontros, sempre sen demostrar odio, con persoas que pola súa responsabilidade non estaban á altura daquel momento histórico, que traizoaban ou aldraxaban o pobo, pero tamén captaba con intelixencia natural a capacidade de entrega doutros, sen discriminacións. Só buscaba esa chispa de creación ou orixinalidade.

Manuel María está feito de Terra nunha síntese entrañábel con todas as criaturas, o que o fai parcial con calquera síntoma de vida e creación no sentido de que a natureza forma parte del: “Amamos o noso xeito de identificación coa terra. Sabémonos un montonciño de arxila que sente, ama, padece e soña. A nosa cor é a mesma que a do pan centeo. Cantamos como a brisa na folla das abelairas, nas ponlas do robusto carballo ou dos piñeiros fungadores. As nosas bágoas de dor ou de alegría non se poden diferenciar da pinga de orballo emocionada sobor da rosa ruborosa ou tremelocindo na espiña feridora do toxal. En ocasións as nosas palabras teñen o sabor do acivro brilador ou do amargo xaramago. Por fóra semellamos un pouco ásperos e

¹ “Lembranza de don Ramón Otero Pedrayo e Xosé M^a Díaz Castro”, *Xermolos*, nº 27, A.C.Xermolos, Guitiriz, 1989, pp.5-6

rudes como o codeso. Cando sorrimos a nosa face lembra o sol nacente iluminando o cumo da montaña”²

A terra é para o noso poeta o símbolo da vida coma regazo de canto existe, existiu e existirá, e vai asimilando toda a súa seiva, a forza creadora que hai nas súas entrañas, por iso todos os seus sonhos literarios abrángueno enteiramente e quere acougar á fin coma un penedo ou un carballo, mostras perennes da existencia dunha comunión e harmonía totais, coma testificou no derradeiro poema de *Ritual para unha tribo capital de concello*:

“Cando xa estea canso de verdade
e as cousas e o mundo non acendan
en min ningún fervor, quero
deitarme, Outeiro, no teu chao,
contemplar o brillo das estrelas,
o paso das nubes tráxicas e grises
mentres, con todo o meu ser, vou,
moi de vagar, dun xeito lúcido,
facéndome, para sempre, terra túa
e ensumíndome, calado, no teu seo”³.

Era a súa particular percepción da realidade dende a que ía contribuír a facer medrar Galiza e polo tanto a humanidade, afondando nas nosas diferenzas como pobo, do mesmo xeito que apreciaba toda a diversidade de xeitos de ser dos seus amigos coma unha riqueza que inza vizosa na andaina de un. O seu asombro polas cousas máis sinxelas foi a mellor fonte para construír o universo das súas relacións, para sentir con paixón a necesidade da comunicación, de rodearse de amigos.

Quizais neste relatorio faga alusións persoais á miña amizade co Manuel que me marcou e que descubro cada día moito máis extraordinaria, porque a súa estatura moral non fai máis que medrar dende que nos deixou fisicamente, pero prefiro atreverme a teorizar sobre a súa dimensión humana inconmensurábel. Teño que asumir que estas palabras deitan un forte sentimento, pero mentres se alonga a distancia daquel 8 de setembro do 2004, percibo con máis nitidez os trazos desta personalidade irrepitíbel. Tal coherencia non se improvisa, é o reflexo dun fondo humanístico capaz de racionalizarse e convertelo no esquema dunha actitude vital ideal para calquera filla ou fillo fiel da Terra Nai.

O primeiro impulso neste home xenial foi a emoción, o sentimento, aquela sorpresa da súa viaxe iniciática, fóra de si, ao centro umbilical do seu universo exis-

² MANUEL MARIA, *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei*, A.C.Xermolos. Guitiriz, 1995, p. 21.

³ MANUEL MARÍA, *Obra poética completa II (1981-2000)*, Edicións Espiral Maior, A Coruña, 2001, p. 313.

tencial e creativo: ao Pai Miño, á Terra, ao amplo caudal da lingua que pula os seus primeiros pasos... O poeta púxolle data: “son poemas do ano 53, eu empezaba a saír dunha certa crise; en realidade comezaba a saír de min mesmo e a valorar a paisaxe. Un día nunha viaxe desde Outeiro de Rei ao Miño vin o libro, vino claramente: o libro das paisaxes...”⁴. Foi a chamada poderosa da natureza que abrollaba naquel mozo. Unha ligazón sentimental traspasada á escrita, o descubrimento da paisaxe e do patrimonio que se foi ideoloxizando nun compromiso ético ata manifestarse neste paradigma de persoa comprometida co pobo que hoxe estamos celebrando.

Esta identificación do poeta coa terra non tivo fin, nin a morte puido con ela, foi unha asimilación feita de lealdade, tamén no aspecto físico da vida, vivindo ao unísono co devalar do tempo, tirándolle todo o zume, sentindo o corazón de cada estación coa súa forza específica, por iso cantou os segredos do ritmo do tempo a través dos traballos e labores das persoas, os froitos de cada momento, as cousas máis sinxelas. “Nada de canto existe é tan gratificante como acompañar a pouca vida que nos deron á música da natureza, ás formas cambiantes e maravillosas da paisaxe e a harmonía das celestes esferas. Sentir dentro de nós o lume e o desasosogo da seiva primaveiral correndo tumultuosamente polos regueiros da nosas veas. Solprendernos co agromar dos primeiros reventos e deslumbrarnos diante da primeira flor, virxe e nova, aínda inocente e doncela. Despois deixarse agarimar polo sol e as brisas mareiras e maravillarse ante o nacemento da luz de cada alba e do ouro renovado de cada solpor. E cando chegue o maduro Outono, ategado de experiencia e sabiduría, ordenar, dentro de nós, ensoños e sentimentos e acomodalos no noso corazón do mesmo xeito que os nosos devanceiros poñían o millo nos hórreos. Ao chegar o Inverno escoitar os berros dos ríos desbordados, o bruar do vento e contemplar os toros de carballo centenario ardendo no lar. E agardar que a nosa vida se apague, lene e docemente, sen un remorso, como a alegre chama que reduciu a cinza ao carballo poderoso”⁵.

Compara a súa traxectoria co decorrer das estacións: a primavera cando “a vida tiña unha esencia musical”⁶, o outono cando acugula os froitos de tanta solidariedade, coma un elemento do optimismo cósmico fronte ao pesimismo dos que demiten destes valores que Manuel María buscaba nos semellantes: o arraigo coa terra converténdoa no fogar onde poder desenvolver a soberanía das persoas e dos pobos.

A relación con Manuel María foi, para min, unha experiencia fundante, as súas eran amizades transformadoras, capaces de mobilizar a persoa, sempre liberadoras da inercia, do alleamento, do pasmonaría uniformadora. Era unha persoa que axudaba a medrar por dentro... Coñecino no meu tempo de Salamanca, cando aquel home sempre solícito veu dar alento a un grupo de estudantes galegos que estabamos a loitar por mantérmonos fieis ás nosas raíces. Antes escoitara os seus “poemas ditos coa súa

⁴ *La Voz de Galicia*, 16-X-2002.

⁵ MANUEL MARÍA, *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei*, p.25.

⁶ MANUEL MARÍA, *Obra poética completa II (1981-2000)*, p.504.

voz” editados por Edigsa e Xistral naquel ano prodixioso do 1968. A nosa amizade foi cimentada na aposta do Manuel loitador incansábel polos colectivos culturais e sociais espallados por todo o país, alí onde latexase un galego ou galega. Gastou a súa vida reforzando estas vinculacións comprometidas co pobo, por iso agora é recoñecido coma o poeta nacional.

Pero o verdadeiro impacto produciuse cando a fortuna me enxertou na Terra Chá coma el escribiu moitas veces, non podía ser doutro xeito: “árbore pondaliana, transplantada,/ na Terra Chá longal e ben amada”. O poeta é o intérprete fiel da comarca en que naceu e de todas as Galizas, e calquera imbricación nela tiña que asentarse na súa forza xeradora. Se non a inventou, polo menos definiuna e remarcouna para sempre. Tamén aquí o amor do escritor pola súa patria da infancia fructificou nunha colleita sen sombras, acadando todos os seus elementos, e eu tiven a regalía de ir nacendo a este universo co mellor guieiro posíbel. Non foi un coñecemento erudito, co Manuel toda asimilación da vida ten o ton cordial dunha sabedoría que foi enxergando coa emoción do que recrea todo cunha ollada nidia e coa palabra axustada.

Manuel María foi para min o gran mestre que me mergullou no oceano da nosa literatura e doutras moitas literaturas. Celebrou comigo a súa devoción por algúns poetas cos que me familiarizou, verdadeiras andainas literarias descubrindo os segredos de escritores como Francis Jammes, do que me aprovisionou de traducións, fotos, e sobre todo dun mundo lírico de intuicións xeniais. Esta amizade produciu os seus froitos como a tradución de *Catorce oracións*, para as que fixo unha sutil introdución, publicada por Espiral Maior baixo o patrocinio da Asociación Xermolos. As relacións con Manuel sempre tiñan esta faciana de fertilidade coa que íamos abrindo novos horizontes para a colectividade. Tiven a sorte de poder afondar da súa man en toda a nosa historia das letras ata hoxe, chegando a ter un coñecemento moi estreito con aqueles autores que el tratou con máis proximidade. Con Manuel todos eramos compañeiros dunha mesma viaxe.

NA PATRIA DA PALABRA

A palabra foi o fogar da nosa amizade. O mellor agasallo do Manuel: poder emocionarme tantos anos cunha palabra inmorrente que segue acompañándome e que deu forza a tantos acontecementos compartidos, creando un vencello que non puido desfacer ninguén. É o vehículo da vida e mantense mesmo despois da morte.

Estamos a falar doutro don da lealdade convertida en amizade que o escritor enriquecía e multiplicaba na súa comunicación cotiá. As palabras coas que loitaba contra a falsidade, a traizón, a opresión, os renegados..., unha arma que lle axudou a alimentar esa sinceridade que imprimiu á súa existencia. Os encontros cos amigos eran sempre unha partida gañada á ignominia dos que desprezaban o noso idioma ou

aos ruíns que non disfrutaban con esa diferenza que fai que sexamos portadores da lingua que mellor expresa o noso amor, a nosa dor, o noso sentido de facer pobo.

Prendidos desa palabra coa que o Manuel non só construíu fermosas formas lingüísticas, tamén foi a expresión das reivindicacións colectivas da nación. Gran conversador, comprometía os interlocutores, os amigos, nesta causa común, de sentir coma propio o devir do noso patrimonio. A amizade para Manuel María é unha loita contra o silencio, a resignación, o alleamento..., contra os que machucan e manipulan a palabra.

O noso guieiro alimentaba as amizades coma un xeito de dar forza á colectividade, sabendo que un dos seus piares é o idioma que expresa os sentimentos que nos unen, entre nós, e con aqueles que nos deron a vida, a cultura, a terra. Os compañeiros do Manuel tiñan que corresponder a toda a herdanza que recibiran dos devanceiros cunha vontade irrenunciábel de mantela viva. A palabra era o mellor baremo para pulsar a dispoñibilidade dos amigos, endexamais considerados polo poeta como seres alleados. El tivo que sufrir persecución pola defensa do idioma, como cando lle prohibiron a “Canción para cantar todos os días”:

...

O idioma somos nós, pobo común,
vencello que nos xungue e ten en pé,
herencia secular de cada un,
fogar no que arde acesa a nosa fe.

Hai que loitar, pois, coa deserción,
cos parvos ignorantes burras quentes.
Hai que afirmar a fala con tesón,
defendela con uñas e con dentes.

Hai que darlle ao pobo a súa voz pura.
Quen nos quer sen fala, quer matarnos.
¡Hai que defender a fala con mao dura
pois precisamos da fala para salvarnos!⁷

Aquel que se avergoña da súa fala non é merecente da acollida do amigo porque perde o sentido da verdade, desestrutúrase coma persoa membro dun pobo, sofre unha esquizofrenia que o limita na apertura aos demais. Manuel María tiña claro que a súa xente medraba en saúde cando se comunicaba a través do idioma en que nacera á vida, sen complexos nin frustracións, por iso era constante na súa teima de relacionar o crecemento das persoas coa fidelidade á lingua.

⁷ MANUEL MARIA, *Obra poética completa I (1950-1979)*, p. 448.

Fun testemuña mentres camiñei pola vida con Manuel da loita pola súa dignificación. Todos os anos peregrinamos ao San Alberte de Parga, o “santo da fala”, nun acto en que reivindicabamos a súa existencia normalizada nun país moitas veces mudo e tateo, para celebrar os “Encontros na Terra Chá”. Outra mostra de cómo o poeta engrandecía co seu xenio creativo aquela infancia asumida como primeira patria do seu percorrer; viñera “ofrecido” de neno coa nai a este santuario, coma moitos outros chairegos, a solicitar do santo unha comunicación fluída. Aquela romaxe impactara na súa sensibilidade pola transcendencia lúdica e gozosa na familia e entre os veciños, despois trataríaa literariamente ata convertela nun feito liberador das eivas que está a sufrir a nosa fala. Os encontros eran unha romaxe en que non faltaba a merenda, o bo viño, o queixo do país, os manxares chairegos que o poeta tanto agradecía... a música, pero sobre todo, a xuntanza cos amigos e o compromiso de loitar contra os detractores do idioma e contra a perda das tradicións que deran vida a aquela romaría: gastronomía, cultura oral, relixiosidade popular... Como aconteceu en moitas circunstancias da vida o poeta captaba a realidade dunha emoción que enxergara dende hai séculos o contorno de San Alberte, unha intuición, que se viu reforzada polo sentimento e paixón que Manuel María sentía polo simbolismo deste espazo máxico, outra vez cadraban e atopábanse no corazón da vida a Asociación Xermolos e o seu guieiro. O poeta escribiu: “Cando Manuel de Paderna se decatou, San Alberte tiña os seus ollos chantados nos del. Manuel de Paderna sentiu temor e ó mesmo tempo unha dozura e sosego inefábeis. Todo era música. Se alguén lle tocase, soaría como unha arpa milagreira. San Alberte dirixiuse a el:

-Non temas.

Manuel de Paderna non tivo palabras para responder. Tanto era o seu arroubamento que non podía pronunciar unha sílaba. O milagreiro santo proseguíu:

-Coñezo a pureza da túa alma e a limpeza do teu corazón virxe. Pídeme o que queiras. Pódoche dar o don da palabra que teñen os grandes parlamentarios, a dialéctica dos avogados famosos, as palabras inspiradas dos oradores sagrados que abren as almas á chamada da gracia santificante... Manuel de Paderna, repostado, dixo con firmeza e tenrura:

-Non quero nada do que me ofreces.

-E logo, ¿que é o que desexas?

-Desexo a palabra xusta e fermosa, a que nomea a suxire ó mesmo tempo. A palabra que ten o son e a harmonía do xorrar da túa fonte e o máxico engado das ondas do río Parga ó cantar no caneiro. E tamén desexo o escuro murmurar do río Miño ó seu paso polo meu Outeiro de Rei... Ti ben sabes...- Sei. Tes concedido o teu desexo. Serás poeta. O teu verbo fará xurdir a luz e o amor. Vai en paz”⁸.

⁸ MANUEL MARIA, *Cando o mar foi polo río*, Ediciones SM, Vigo, 1992, pp. 23-24.

Poucas veces vivín momentos de irritación na andaina compartida co poeta, que sempre mantiña esa ledicia e serenidade de poder gozar da amizade, pero participei do seu desacougo cando o crego da súa parroquia lle negou a palabra, a fala coa que sempre se expresara, á nai, no derradeiro momento da súa peregrinaxe aquí. Aquela aldraxe desasosegouno, alporizouno, até acadar o respecto merecido para quen lle transmitira o mellor agasallo. Era un atentado contra a vida que fora enxergando aquela muller.

RECREANDO TODOS OS TERRITORIOS POSÍBEIS DA AMIZADE

Lonxe de toda manipulación, apousaba nos segredos de cada cousa e na tenrura de cada persoa cunha devoción e tremor que nos sobrecolía. Con esa fondura comprensiva coa que trataba todo, as súas viaxes reais e literarias axudáronnos a sentir coma nosos os veciños da súa tribo, os de agora e os de antes, coma se fosen compañeiros nosos neste momento. As viaxes eran portas abertas á comunión coas paisaxes, coas persoas, cos pobos... Nas nosas camiñadas ía recreando a paisanaxe de todas as comarcas, aldeas e vilas que íamos atravesando. Toda unha enciclopedia andante que transmitía con caracteres remarcados de agarimo e cores: eventos, lendas, personaxes orixinais, sucesos, a xeografía e a historia. Sempre había unha énfase máis afectiva para os escritores dos que coñecía todas as súas circunstancias, acompañadas moitas veces de textos literarios que nos axudaban a penetrar no corazón da súa obra. Este poeta viaxeiro lembrábanos decote a pegada de Otero Pedrayo, un dos galegos bos e xenerosos que máis admirou e un dos seus amigos máis egrexio.

Coma o gran orador da Xeración Nós, Manuel María facíanos gozar coa súa palabra, falaba coa mesma veneración co amigo, nas viaxes, ou ante os grandes auditorios. Unha naturalidade que deitaba da súa xenerosidade e prestancia en todo momento do seu vivir. Todas as conversas e situacións eran oportunidades para facer pobo e contrastar a experiencia de cadaquén. Unha palabra que sabía desentrañar ata o máximo, para tirarlle todos os rexistros e matices posíbeis, así a forza da ironía, as pingas de humor, axudaban a plasmar aínda máis nos nosos corazóns a achega do autor.

Escolleu e recreou espazos e tempos que concentrasen toda a singularidade de Galiza, centros significativos que rebordasen o que é máis noso, para que a través das nosas diferenzas se enriquecese o universo, o planeta. Personalizaba e chamaba de ti eses rostros privilexiados do seu mundo afectivo: Penas de Rodas, o regato do Cepelo, a lagoa do Olló, etc. E coma en todos os eidos da súa vida endexamais se paralizaba nunha estética vouga, así no pouco tempo que foi concelleiro en Monforte, loitou por facer unha cidade máis amábel, o mesmo con aquel cruceiro que destruíu o feísmo da praza en que despois disfrutaba cos seus hóspedes.

Había unha atracción por todos estes eixes vitais, que festexaba cada amencer. O día de Santa Isabel remataba no Regato do Cepelo, coma un elemento máis daquela irmandade celebrada cos seus amigos. Manuel axudounos a sentir coma patrimonio de nós: as Penas das Rodas, o Pai Miño, o Campo de Santa Isabel..., pero tamén as nosas comarcas, pois coñecía e trataba os amigos sempre xunguidos ó seu contorno. Co humanismo que o caracterizaba endexamais domesticaba as persoas ou as cousas, senón que as sentía co peso específico de cadaquén coma pertencentes a un pobo que en distintos estratos nos axudou a ser o que somos, e non a nada.

Este sentido evocador é coma un reflexo simbólico de todo este vitalismo cósmico que Manuel María sentía coma o seu mundo natural no que foi creando territorios máxicos no tempo e no espazo, unha ligazón con todas as criaturas, sobre todo as máis febles e significativas.

Buscaba os amigos coma compañeiros dos momentos álxidos da súa existencia. Fixen varias viaxes con Manuel, mesmo facendo el de guieiro, por exemplo, pola Ribeira Sacra e marabilloume a súa interpretación daquel mundo: xeografía, arte, lendas, flora, fauna, etc. Compartía con toda a súa xenerosidade os seus amplos coñecementos, era un sabio..., non gardaba nada para si, celebraba con todo o seu entusiasmo o poder comunicar aos demais os seus achados, as emocións máis recentes... En cada recanto introducíame nun mundo inmenso: as orixinalidades dalgúns veciños cos que intercambiabamos un saúdo, a memoria dos devanceiros, ás veces construía unha árbore xenealóxica que se perdía nos tempos, até confraternizaba con aqueles seres fabulosos dos capiteis ou arcos do románico, dominaba totalmente a linguaxe simbólica da arte, ilustrándonos cunha ollada lúcida sobre o transfundo que agochaba todo aquel mundo, neste sentido até demostraba unha proximidade agarimosa sobre estes canteiros e creadores populares, anónimos, que Manuel consideraba coma uns achegados máis de tempos pasados, situándoos naquelas aldeas que percorríamos.

A comprensión da amizade en Manuel María era debedora da historia e xeografía máis próxima, como determinantes das relacións humanas, que coñeceu na súa escrita un punto cenital no ciclo de Manuel de Paderna, un personaxe da vida real nimbado pola ficción. Un paradigma do seu xenio creador en que realidade e fantasía camiñan ao unísono, o compañeiro fiel que endexamais abandona o poeta que está a medrar ao seu carón e que o autor moi agradecido ennobrece coa maxia da súa palabra polos servizos e fidelidade prestados na infancia, como a mellor correspondencia a un amigo xentil.

Unha triloxía escrita con toda a calor do mundo na que os personaxes somos os seus amigos nos escenarios con máis contido referencial para o escritor, non hai fírgoa para a superficialidade, todo reborda agradecemento aos seres queridos: persoas, centros simbólicos de cada comarca, fitos históricos..., nun tecido literario que mostra todo o universo afectivo de Manuel María, estamos ante a realidade que foi construindo o escritor.

Adoitaba adicar poemas aos seus amigos, ou os seus libros, pero nestes contos son eles os protagonistas naquela parcela de vida que ten para o poeta un fondo significativo para coñecer a súa tribo, Outeiro, a súa comarca, a Terra Chá, ou as cidades máis importantes de Galiza, en *A tribo ten catro ríos*, *Cando o mar foi polo río* e nas *Viaxes e vagancias de M.P.* Tamén nestas narracións emerxe a súa intención concientizadora, e os lectores van coñecendo a xeografía, as tradicións orais, a historia, a literatura do pobo, dende esta trama que abrolla do amor vivido. Non cadramos cos que só ven nesta triloxía, literatura infantil ou xuvenil, pero hai que salientar o esforzo de Manuel María por ofrecer a nosa cultura deste xeito imaxinativo aos máis novos, coma un froito da súa camaradaría coa mocidade que recoñeceu nel un dos seus guieiros, o verdadeiro poeta de nós.

Pero foi a Librería Xistral de Monforte o santuario en que o poeta nos forneceu con máis dádivas, non pechaba nada para o seu proveito persoal, compartía todo e gozaba cando podía anunciarnos algunha boa nova: un achado de investigación, unha inspiración lírica, unha conquista da liberdade do noso pobo, o encontro cun amigo. Nesta vontade de difundir o seu saber e querer, serviuse de moitas canles. O labor xornalístico e coma conferencista de Manuel María aínda non foi abondo considerado, e con tanta paixón foi revelándonos o seu sentir da vida, axeitándose a todas e todos os lectores, pero sen perder esa transparencia e verdade que animaron todas as súas relacións cos demais. Os títulos das seccións que foi cubrindo ao longo de moitos anos apuntan os seus obxectivos: “Andando a Terra” (*A Nosa Terra*) ou “Terras, homes e palabras” (*El Correo Gallego*).

Festexaba con gozo as visitas, sobre todo naquel Monforte, ás veces plúmbeo polo seu traballo rotineiro nos tribunais. Fomos centos os compañeiros que en distintas etapas acudimos a este recanto para buscar forzas en momentos non doados da nosa historia. Foi sempre un facho aceso que quentou o ánimo de moitas persoas, pero tamén de asociacións que necesitaban o seu lume para aturar xeadas e sarabias nuns tempos pouco propicios. A súa casa e o seu corazón estaban sempre abertos a todos, sen distingos... E aquí e noutros espazos sempre estaba Saleta reforzando esta xenerosidade. Sen ela non medrarían estes sinais de vida e de amizade, esa “labarada estremecida” que segue a alumear o noso camiño na compañía dun Manuel que prende para sempre no noso amor e entrega.

Xeneroso en demasía gastou todo o seu tempo abríndonos aos amigos as esencias de Galiza, incardinándonos no seu devir concreto, “a ras de chao”, porque estes encontros de amigos en Monforte, en Outeiro, en Guitiriz, na Coruña, non eran disquisicións filosóficas, senón catas puntuais da realidade que axudaron a transformala, por iso cada conversa con Manuel era un arrefecemento do que se beneficiaba todo o contorno do amigo.

O mundo tornábase máis humano cando o ollabamos a través de Manuel María que sempre subliñaba os valores que empurraban a solidariedade. Tiña unha especial capacidade para captar o bo que inzaba no seu medio e aínda máis coraxe para inxectalo nas iniciativas políticas e sociais que tiña entre mans.

Arredor del constituíamos unha inmensa constelación de amigos como se ten demostrado nas varias homenaxes nas que participamos, unha familia que aínda hoxe se mantén viva e da que está a beneficiarse todo o país. Fixemos camiño a moitas comarcas e cidades para celebrar a súa palabra e quedei impresionado polo leito predisposto que sempre atopabamos para acoller a mensaxe do mestre. Sentíase un ambiente quente e cordial que o poeta en cada viaxe non facía máis que incrementar; confiabamos en que, naquela xornada arredor do escritor, volveríamos reconfortados pola súa coraxe. Manuel endexamais decepcionaba, sempre recompensaba abundantemente calquera esforzo.

Manuel foi debedor das “tertulias” na súa mocidade, Lugo e Santiago, onde cultivou amizades determinantes na súa conformación como persoa. No “Méndez Núñez” de Lugo tratou e foi descubriendo a Luís Pimentel, Ánxel Johan, Fernández de la Vega..., e no “Español” de Santiago: Otero Pedrayo, Bouza Brey, Ramón Piñeiro, Borobó, etc. Estes encontros como a “tertulia” do Kirs na Coruña nos seus derradeiros tempos nesta cidade, eran algo máis convidado, pero o poeta creaba “tertulia” e comunicación en calquera viaxe ou visita a unha cidade ou taberna, todos cativados pola súa palabra e compromiso a prol de Galiza. Pero foron as conversas arredor da “mesa-camilla” da Librería Xistral de Monforte as que aglutinaron durante máis anos os amigos residentes na cidade e os asiduos que recalabamos alí a miúdo, verdadeiras bafaradas de aire fresco nunha Galiza moitas veces asfixiada.

O seu espírito agradecido non coñecía fronteiras no tempo nin no espazo, con esta calor sentía con agrarimo todas as camadas que fixeran posíbel aquela fervenza de vida que rebordaban os seus días e tarefas, así celebraba culturas e literaturas afastadas, coma o humanismo clásico que lle axudara a abrir os horizontes do seu sentir. E comprometía a súa palabra de amizade, sentíndoos coma algo propio:

Cando os meus pés mortais
tripen o sagro chao da Hélade
vellos amigos
virán a recibirme e hospedarme:
Alceo, Safo, Teócrito
e o vello Anacreonte,
inventor e cantor da Primavera⁹.

El recreaba dende esta fidelidade á existencia, non só as paisaxes e a súa memoria persoal coma membro da súa comunidade de nacemento, senón que abriu tamén unha densa corrente comunicativa a persoas e acontecementos doutras etapas históricas: os Irmandiños, Prisciliano, os Mártires de Carral, etc., cos que confraterniza e intima a través da súa escrita, e vai transmitíndonos a achega que fan á historia do noso pobo. Nesta actualización funcionaba unha premisa que daba rigor a todo

⁹ MANUEL MARIA, *Obra poética completa II (1981-2000)*, p.218.

o traballo do escritor: para querer hai que coñecer, mesmo buscaba a comunicación frecuente cos amigos: correspondencia, visitas, participación en acontecementos significativos no círculo dos amigos ... vivía ao día os avatares das persoas que quería.

Neste outro territorio manuelmariano, o literario, hai un ton afectivo nado das querencias ou preferencias do autor por personalidades e feitos liberadores. Ás veces cunha intención mitificadora, pero non desvirtuadora da realidade, buscando sempre a súa carga simbólica coma canle de liberación. O escritor aproveitaba sempre o calado ético destes personaxes para abrimos o seu corazón e sentilos como algo noso, amigos comúns. O poeta agradecía o concurso deles á loita pola liberdade de Galiza, rachando co seu ostracismo en tempos deturpadores da nosa identidade e converténdoo en personaxes próximos e leais cos cidadáns. Un labor de rehabilitación da historia de nós.

Manuel María tanto no trato directo cos amigos coma no tratamento literario da vida, ten un concepto da realidade aleccionador, sen perder a base histórica, así cando nos mostra as inxerencias de Alberte en *As augas van caudais*, unha novela curta que penetra no miolo creativo deste escritor: a relación do home coa terra, nunha encrucillada ben real e histórica que todos coñecemos.

Esta amizade soldada na forxa da busca histórica na fogueira da súa memoria prodixiosa, tamén tiña a súa dimensión no espazo. Dende a singularidade de Galiza captou o corazón doutras nacións, con ese aprezo polas diferenzas coas que desfrutaba cos amigos e, en xeral, con todas as criaturas. Viaxaba con fervor a moit delas, como quen entra na súa propia casa, coa mesma amizade: Euskadi, Catalunya, Bretaña, Portugal, etc. Fora creando unha relación de amor e coñecemento con estes pobos, estudaba a súa historia, xeografía, literatura. Tamén nestes eidos o noso homenaxeado tiña uns amplos coñecementos.

A mesma inclinación que sentía polas criaturas máis febles, moitas veces machucadas e asfixiadas polos prepotentes, manifestábase polas nacións máis asoballadas, era unha querencia estimuladora das súas particularidades na loita común pola liberdade, unha solidariedade activa, na busca dun universo de paz e igualdade. Esta identificación do Manuel era unha tensión cotiá. Encarnábase nas entrañas destes pobos, e tocaba as fibras do seu corazón a través dos seus bardos máis egrexios. O mellor camiño para chegar ao espírito de Euskadi, Catalunya, Bretaña..., foi a amizade máis estreita con Aresti, Espriu, Paol Keineg, respectivamente. Afondando na obra e no compromiso destes poetas, vibraba o seu afecto, como podemos vivir en *Laio e cramor pola Bretaña*.

COA AMIZADE POTENCIABA TODAS AS ACTIVIDADES

Os que tivemos a bendición de poder camiñar á par de Manuel María, todas as nosas actividades e amigos, beneficiáronse desta regalía da vida, sobre todo o que ha-

bía en nós de compromiso co pobo. Potenciaba e promocionaba todo aquilo que fose unha referencia positiva para a dignificación do país e non perdía ocasión para demostralo e verificalo con xestos e feitos concretos. Non me esquezo daquela volta do poeta Díaz Castro ao seu berce, a Guitiriz, no primeiro e case único recital de poesía na súa terra. Manuel María aínda non contemplara a face física do autor de *Nimbos*, e non dubidou: “Non puidemos resistir a tentación e aló nos personamos... O aito foi unha maravilla pola súa pureza, pola súa verdade e polo seu tremor humano... Aos seus amigos dalles –danos- xenerosamente a súa limpa, fonda e sincera amizade do mesmo xeito que a cerdeira florece na primaveira ou o reiseñol canta e encanta nos máxicos días do luminoso maio”¹⁰.

Non é que actuase por arroutadas, tiña unha especial sensibilidade, un tacto moi afinado, para captar os síntomas da vida cando deparaban emoción e enerxía. Sabía aproveitar as oportunidades que enxergaban máis creación, dende aquela xerouse unha amizade moi fonda entre os dous poetas. Outra vez os sentimentos máis fortes abrollan con esa naturalidade coa que fructifican os elementos da natureza. Díaz Castro reencontrouse coa súa patria, coas súas orixes, cos soños que animaron a súa lírica dende a infancia, despois dunha lonxanía en Madrid, grazas a esta acollida arrequente de Manuel María.

O vate da Terra Chá foi converténdose así nunha labarada de luz para a Asociación Cultural Xermolos, o Festival de Pardiñas, os Encontros na Terra Chá... , todos gozamos daquela amizade, era un patrimonio para todo o colectivo, e a través del para toda esta comarca. Non era unha ligazón bucólica, neutra, senón revitalizadora, esixente coa nosa camiñada en común. Os que participabamos con Manuel María nestas actividades culturais fomos recoñecendo na súa voz e compromiso a valentía deste guieiro que estaba a dar a súa vida pola liberdade do noso pobo. A súa presenza sempre activa aglutinaba a moita xente arredor das esenciais do noso pobo. Deunos un novo pulo que proxectou as nosas actividades moi lonxe...

Así engrandeceu coa súa sensibilidade e magnanimidade as sucesivas edicións do Festival de Pardiñas. Na apertura xenerosa á vida que sempre mantivo, conectaba coa mocidade dun xeito admirábel, participaba na primeira liña deste acontecemento inspirado nas inquedanzas dos máis novos, pero achegando o seu xenio creativo; neste sentido, Manuel comunicábase en plenitude con todos os sectores da poboación, endexamais se pechou nunha elite illada.

A súa participación nestes acontecementos era sempre anovadora; así, cando Xermolos trae ao X Festival o grupo vasco Oskorri, Manuel agrandaba este concerto converténdoo nunha homenaxe ao poeta euskaldún, Gabriel Aresti. O vate vasco era un gran amigo do noso poeta e o grupo musical dedicáralle o seu primeiro disco (1976). Todo o que tocaba convertíao nun caudal de vida e creación. Grazas ao amigo común, Raúl Río, montamos unha exposición fotográfica sobre o autor de *Triloxía*

¹⁰ *Xermolos*, nº 27, p.6.

de pedra, e con esa complicidade coa que arrequentaba todo, deu unha dimensión insospeitada a aquela celebración da mocidade que por primeira vez coñecía o escritor vasco a través das imaxes da súa vida, pero tamén da poesía na voz de Oskorri. Manuel nese santuario que é a Casa das Artes de Pardiñas, trazou o seu retrato. Alí estaban a viúva de Aresti, Meli Esteban e moitos amigos... Era unha delicia escoitar na súa palabra rexa as características físicas e psicolóxicas dos seus mellores amigos, el, que os contemplaba con gozo e demora coma o mellor tesouro da vida.

Manuel aproveitaba todas as oportunidades para dar a coñecer o noso pobo e comprometer nos no seu devir. Nas edicións anteriores xa captara o aprezo de Pardiñas pola cultura de Euskadi, por iso nesta mesma data presenta nesta “Feira e Festa da Música e das Artes”, o poema seu *Saturno*, nunha edición bilingüe da Asociación Cultural “Rosalia de Castro” de Barakaldo, e todo redonda na intensidade destes encontros culturais. O prólogo era do veciño de Guitiriz emigrado a Euskadi, Xosé Andrés López González, e a colección levaba por nome: “Nimbos de Poesía”. Con estes vimbios Manuel converteu aquela tarde nunha fervenza de irmandade entre estas dúas patrias.

En todos os festivais Manuel María tiña unha participación activa; así, en 1988, toma parte da presentación do vídeo de Ophiusa: *X. M. Díaz Castro. Nimbos de poesía*, xunto co poeta, as súas donas e varios escritores. No 1995 presenta a súa *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei*, datada nese mesmo día do festival, un modelo de humanismo que transmite toda a bonhomía do autor.

Só a asistencia do poeta era un galano para os festeiros; a sorpresa do programa de cada ano viña reforzada pola súa achega, ás veces máis estruturada, outras aquela vaga de emoción coa que co seu camiñar pausado ía regando de ledicia os espazos do festival, compartindo a súa ollada limpa con todos. O momento cume desta comunión do poeta co festival era o pregón e a entrega dos premios do “Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil” a varias ducias de nenos e nenas de colexios de toda Galiza. Unha aperta, un bico, unha palabra de alento e parabéns, a sinatura e dedicatoria dun dos seus libros, aos que están comezando a senda da creación..., foron facendo do Manuel un facho aceso que segue a animar a todos eles. Na historia do Festival o poeta foi converténdose no Patriarca de milleiros de persoas que se concentraban alí para afirmar a nosa identidade coma pobo.

A romaxe de Pardiñas multiplicábase nun encontro, nunha merenda, nunha celebración da nosa cultura, na que Manuel estaba sempre arroupado por un grupo de amigos que endexamais fallaban. O poeta tiña o seu calendario propio de festas e convites, remarcados con cores de sentimento, e gustaba de sentar á mesa do San Manuel, Santa Isabel, Pardiñas..., aos seus amigos nese afán por compartir os momentos máis plenos do seu andar. O seu biógrafo Camilo Gómez Torres ten suscrito: “Queremos deixar constancia para non ter que repetirmos, da súa irrenunciábel presenza en acontecementos de celebración anual: a romaría da Santa Isabel de Outeiro de Rei, cada primeiro domingo de xullo; o Día da Patria en Santiago, cada 25 de xullo; a Feira e Festa da Música e da Arte, que organiza desde 1980 en Pardiñas, Guitiriz, a A.

C. Xermolos cada primeiro domingo de agosto; as Xornadas do Ensino Galego, que a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG) organiza desde 1977 en diversas cidades; as Xornadas Pedagóxicas Galegas...; os Encontros Galeuzca de escritores vascos, cataláns e galegos...”¹¹. Manuel demostrábanos a súa amizade nun mar de xestos e feitos, cada festival facíase acompañar coma agasallo dun libro recién nado, outro amigo máis, naquela festa de irmandade, onde compartiamos un grollo de viño e as cores e as formas das artes que estaban a rebordar tantos creadores.

O pobo, e sobre todo a mocidade sempre agradecida, correspondeu este ano ao poeta na noite do domingo cantando “O cuco”, “O carro”, etc., animados por Xurxo Souto, ese compañeiro de Manuel María no derradeiro treito da súa estancia aquí, no Monte Alto, todos a unha: voz e corazón, prendidos da palabra que endexamais morre na noite eternamente alumeada. Para moitas e moitos dos que naquela xornada sentían esta nova presenza do Manuel, o primeiro contacto coa nosa fala, foi cantando: “o cuco, cuco, cuqueiro/ o cuco, cuco, cucón...”. O eco da súa voz poderosa sentíase para sempre nas carballeiras de Pardiñas.

Esta empatía sen complexos do Manuel coa mocidade, deitaba dese optimismo vital que animaba a súa participación nestas actividades nadas do latexar do noso pobo, que o facían cantar:

No mundo é sempre Primavera.
Sempre. Sempre.
Por moito
que queiran e que intenten
prohibila, afogala, asesinala
rexurde xoven, pura, inmaculada,
inocente, incontíbel, poderosa (...)¹².

Rosa Aneiros cando nos deixou Manuel escribiu: “A el quérolle dicir, dende aquela moza que o viu bailar a muiñeira coas meniñas dos ollos no festival de Pardiñas, que sempre será lume e facho”¹³.

UNHA AMIZADE PARA SEMPRE

Nas visitas a Guitiriz era obrigado achegarse ao cemiterio e deixar unhas flores no sartego onde repousan os restos mortais do amigo Díaz Castro, o que adoitaba

¹¹ GOMEZ TORRES, Camilo, *Manuel María: os traballos e os días*, Ed Laiomento, A Coruña, 2002, p.250.

¹² MANUEL MARIA, *Obra poética completa II (1981-2000)*, p.496.

¹³ *El Progreso*, 14-IX-2004.

facer con todos os que nos ían deixando: Novoneyra en Lugo, Celso Emilio en Celanova, Aresti en Derio, Francis Jammes en Hasparren, etc. Para Manuel os amigos ían sempre con el, non había fronteiras entre a vida e a morte, o lume do amor destruía toda negatividade, por iso prendía con tremor unha luciña naquelas capelas e santuarios que enchen de unción as paisaxes máis arredadas de Galiza, con esa lumeirada sempre acesa que traspasa as lindes do misterio.

Até ese trato familiar cos defuntiños, con esta palabra tan afectiva que el utilizaba, como alguén que segue pertencendo ao seu mundo de amizades, na liña da harmonía universal que Manuel María sentía en cada salouco. Por iso as viaxes co poeta eran un mergullarse no océano da vida, percibindo mundos posíbeis e imposíbeis, o mesmo cas idas e voltas polos camiños da súa memoria inconmensurábel.